

Documento	Expediente	
CONZI14T	CON/50/2015	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de material audiovisual para o Centro Xove de Creación Cultural.

TIPO DE LICITACIÓN: 28.925,62 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 4 de decembro, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D^a Noa Sánchez Morales

Vocales: D. Xan Duro, representante do grupo CA.
D. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Enrique Vazquez Naveira, xefe de xuventude.
D^a Ana Gago, viceinterventora xeral municipal.
D^a Rocío Montañés, en funcións de director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	2-12-2015	53.030	ISGAL EVENTOS S.L.
2	3-12-2015	53.175	CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, S.L.(*)
3	3-12-2015	53.388	CONTEXTO MULTIMEDIA S.L. (*)

*Proposición recibida fora de prazo

A mesa de contratación procede á verificación das ofertas recibidas, resultando que as empresas invitadas CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, S.L. e CONTEXTO MULTIMEDIA S.L., presentan fora de prazo a súas proposicións, polo que resultan excluídas.

Verifícase que a oferta presentada por ISGAL EVENTOS S.L., presenta a declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	ISGAL EVENTOS S.L.	28.850

Rematada a apertura dos sobres, procedería iniciar o proceso de negociación individual. Sen embargo, verificado polo secretario da mesa que non asistíu ningún dos licitadores convocados, e comprobado xa neste acto que

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI14T	<i>Expediente</i> CON/50/2015	

como única documentación técnica dos produtos ofertados o licitador aporta unha copia asinada do prego técnico de aplicación, polo que se entende que se axusta estrictamente ós seus requerimentos, a mesa acorda:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas das empresas CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, S.L. e CONTEXTO MULTIMEDIA S.L., por ter sido presentadas fora de prazo.


SEGUNDO: Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador **ISGAL EVENTOS S.L.**, que oferta un importe de **28.850 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:30 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI14T	<i>Expediente</i> CON/50/2015	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de material audiovisual para o Centro Xove de Creación Cultural.

TIPO DE LICITACIÓN: 28.925,62 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 11 de decembro , ás 12:05 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª Noa Sánchez Morales

Vocales: D.. Rafael Peña, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sanchez-Brunete, representante do grupo PP

D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG

Dª Inmaculada Viña, Interventora xeral Municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, ISGAL EVENTOS S.L., consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 12:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



